



Expediente núm. : 627/2022
Procedemento : Aberto simplificado

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS E DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS

Sendo as 16:31 horas do día 23 de xuño de 2022, reúnense os membros da Mesa de Contratación, composta por:

- Presidente : O Alcalde-Presidente do Concello, D. Juan Manuel Vidal Seage.
- Vogais : A Secretaria-Interventora da Corporación, D^a. Flavia Campos Lages.
O Arquitecto municipal, D. Carlos D. Besada Ferreiro.
- Secretaria : D^a. Andrea Serrano Rodríguez, funcionaria de carreira do Concello.

Constituíndose a mesa na Plataforma de Contratación do Sector Público, e sendo o seu fin proceder á apertura e avaliación das ofertas electrónicas presentadas para a adxudicación do seguinte contrato:

Tipo de contrato	Patrimonial de carácter privado
Obxecto do contrato	Alleamento de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures.
Adxudicación	Poxa á alza sobre prezo base (cláusula 7 do PCAP)
Volume alleamento (Tm)	697,34 Tm
Valor estimado do contrato (sen IVE)	6.973,40 € (10 €/Tm, cláusula 4.1 do PCAP)
Presuposto base de licitación (IVE 21% incluído)	8.437,81 €

Constituída a Mesa, procédese na Plataforma de Contratación do Estado á apertura de ofertas presentadas en tempo e forma, tendo presentado oferta tres empresas.

Examinado, en primeiro lugar a documentación administrativa e a continuación as ofertas avaliadas a través de criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.

Tras o exame da documentación administrativa, a Mesa de Contratación declara admitidas as proposicións presentadas, quedando reflectidas no seguinte cadro:





Licitadores	Oferta económica	
	Prezo/Tm (sen IVE)	Prezo/Tm total (sen IVE)
1 Díaz y Buceta, S.L.. [B36115806]	0,50 €/Tm	10,50 €/Tm
2 Financiera Maderera, S.A. [A15005499]	11,10 €/Tm	21,10 €/Tm
3 Forestal Santomé, S.L.U. [B70143433]	5,05 €/Tm	15,05 €/Tm

Tras o exame da documentación presentada e logo de analizar os criterios establecidos no PCAP faise constar o seguinte:

- **Cláusula 6 do PCAP:** Os licitadores deberán aportar *Copia compulsada das pólizas de seguros de responsabilidade civil ou declaración responsable de aportala en caso de resultar adxudicatario.*
- **Cláusula 9.1 do PCAP:** *Se á vista da documentación presentada, antes ou despois da avaliación e clasificación, os membros da Mesa consideran necesario que algún dos licitadores achegue documentación aclaratoria ou xustificativa, esta poderá ser requirida pola propia Mesa ou polo órgano de contratación, concedendo un prazo de 3 días ao/s licitador/es ao/s que se lle/s requira documentación para presentala.*

Por todo o exposto, os membros da Mesa de Contratación, **ACORDAN:**

Primeiro.- Admitir provisionalmente as tres ofertas presentadas

Segundo.- Indicar que a oferta presentada por Financiera Maderera S.A. é a mellor oferta económica segundo os criterios de adxudicación (cláusula 7 do PCAP).

Terceiro.- Considerar insuficiente a documentación presentada pola empresa Financiera Maderera S.A. no respectivo á póliza de responsabilidade civil.

Cuarto.- Conceder un prazo de 3 días (cláusula 9.1 do PCAP) para que aporte copia do seguro de responsabilidade civil compulsado (cláusula 6 do PCAP), deixando constancia de que, no caso de non presentar a citada documentación, a súa oferta considerárase rexeitada.

Quinto.- Propoñer a adxudicación da licitación á empresa Financiera Maderera S.A., por ser a mellor oferta económica, previa presentación da documentación requirida.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por finalizado o acto de apertura e valoración das ofertas, determinando que se incorpore á presente acta (asinada polo propio Presidente, e máis polos Vogais e pola Secretaria intervinientes), na que queda constancia do tratado, logo do cal finalízase a sesión electrónica.

